

# Ceremonial fiesta y liturgia

EN LA CATEDRAL DE SANTIAGO

# Cerimonial festa e liturxia

NA CATEDRAL DE SANTIAGO

# El proyecto expositivo *Ceremonial, fiesta y liturgia en la Catedral de Santiago*

Ramón Yzquierdo Peiró

> *"Las puertas de esta basílica nunca se cierran, ni de día ni de noche;*
> *ni en modo alguno la oscuridad de la noche tiene lugar en ella;*
> *pues con la luz espléndida de las velas y cirios, brilla como el mediodía"*
> (*Códice Calixtino*)

Con motivo del VIII Centenario de la Consagración de la Catedral de Santiago, que se celebró en abril de 1211, el Consorcio de la ciudad de Santiago y el Cabildo de la Catedral, a través de su Comisión de Cultura y Arte, han preparado una programación cultural que se viene desarrollando a lo largo de todo el año 2011 y que incluye actuaciones destinadas a la ejecución de los programas y proyectos emanados del Plan Director de la Catedral, así como exposiciones, conciertos, jornadas de estudio y publicaciones.

Dentro de esta programación pareció oportuno plantear un proyecto expositivo que desarrollase los contenidos de los ritos en el Camino de Santiago, el ceremonial sacro en la ruta y en la Catedral y la liturgia propia de la Basílica compostelana

La organización y el proyecto han corrido a cargo del Museo de la Catedral y del Consorcio de Santiago, en colaboración con determinados especialistas y entidades prestadoras, coordinados por los comisarios don José María Díaz Fernández, Deán del Cabildo, y el que suscribe, Director del Museo de la Catedral, que contaron con la ayuda, como asesores científicos de la exposición, de Francisco Singul, Director del Área de Exposiciones y Publicaciones de la S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, y de Miguel Taín, Profesor Titular de Historia del Arte de la Universidad de Santiago.

Las líneas maestras de esta exposición están centradas en el desarrollo de dos ideas fuerza:

1. El ceremonial compostelano desde los orígenes del *Locus Sancti Iacobi* hasta la actualidad, pasando por el Renacimiento y los esplendores del Barroco; es decir, desde la simbología medieval hasta la celebración anual del 25 de julio y la periodicidad de los Años Santos, pasando por la complejidad formal del ceremonial postrentino y las formas de cultura barroca.
2. El ceremonial en el Camino de Santiago: la salida del peregrino, el ceremonial de despedida, el encuentro en el Camino con el milagro, las reliquias, los monjes, centros de hospitalidad, la plaza del Paraíso en Compostela y la propia Catedral, símbolo de la Jerusalén Celeste, escenificando en el abrazo al Apóstol, la vigilia ante el altar mayor, la visita a otras reliquias de la Basílica Jacobea, la donación de exvotos, etc.

Como sede de la muestra se escogió la iglesia de San Domingos de Bonaval, que ha servido, en otras ocasiones, como lugar de exposiciones artísticas de cierto nivel, entre las que destacan la de *Relicarios de Galicia* o la de *Santiago desde la Memoria*, ambas celebradas con motivo del Año Santo 2004. Se trata de un espacio noble, bien ubicado en el centro de la ciudad y próximo al casco histórico y a la Catedral, lo que genera un auténtico *paseo del arte* desde la plaza del Obradoiro, donde se encuentran la Catedral y su Museo, hasta el área de Bonaval, en la que, además de la iglesia sede de la muestra, están también el Museo do Pobo Galego y el CGAC; durante el recorrido se pueden realizan paradas intermedias –en San Paio de Antealtares, San Martiño Pinario o la Obra Social de Novacaixagalicia– que permiten al visitante conocer en profundidad la historia y el arte de la Catedral, la ciudad y Galicia, desde sus orígenes hasta la actualidad.

La iglesia de Bonaval destaca por la amplitud interior del espacio, lo que ha permitido su acondicionamiento como sede de esta exposición. Además, la concepción espacial que presenta, al tratarse de un templo, encaja con el tema de la exposición, que gira en torno a la vida interior de, en este caso, una Catedral.

# O proxecto expositivo *Cerimonial, festa e liturxia* na Catedral de Santiago

Ramón Yzquierdo Peiró

"As portas desta basílica non se pechan nunca, nin de día nin de noite;
nin en modo ningún a escuridade da noite aparece nela;
pois, coa luz espléndida das candeas e cirios, brilla como o mediodía"
(*Códice Calixtino*)

Co gallo do VIII Centenario da Consagración da Catedral de Santiago, que se celebrou en abril de 1211, o Consorcio da cidade de Santiago e o Cabido da Catedral, a través da súa Comisión de Cultura e Arte, prepararon unha programación cultural que se vén desenvolvendo durante todo o ano 2011 e que inclúe actuacións destinadas á execución dos programas e proxectos emanados do Plan Director da Catedral, pero tamén exposicións, concertos, xornadas de estudo e publicacións.

Dentro desta programación pareceu oportuno presentar un proxecto expositivo que desenvolvese os contidos dos ritos no Camiño de Santiago, o cerimonial sacro na ruta e na Catedral e a liturxia propia da Basílica compostelá.

A organización e o proxecto correron por conta do Museo da Catedral e do Consorcio de Santiago, en colaboración con determinados especialistas e entidades prestadoras, coordinados polos comisarios don José María Díaz Fernández, Deán do Cabido, e quen subscribe, Director do Museo da Catedral, que contaron coa axuda, como asesores científicos da exposición, de Francisco Singul, Director da Área de Exposicións e Publicacións da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, e de Miguel Taín, Profesor Titular de Historia da Arte da Universidade de Santiago.

As liñas mestras desta exposición están centradas no desenvolvemento de dúas ideas forza:

1. O cerimonial compostelán desde as orixes do *Locus Sancti Iacobi* ata a actualidade, pasando polo Renacemento e os esplendores do Barroco; é dicir, desde a simboloxía medieval ata a celebración anual do 25 de xullo e a periodicidade dos Anos Santos, pasando pola complexidade formal do cerimonial postrentino e as formas de cultura barroca.
2. O cerimonial no Camiño de Santiago: a saída do peregrino, o cerimonial de despedida, o encontro no Camiño co milagre, as reliquias, os monxes, centros de hospitalidade, a praza do Paraíso en Compostela e a propia Catedral, símbolo da Xerusalén Celeste, representando no abrazo ó Apóstolo a vixilia diante do Altar Maior, a visita a outras reliquias da Basílica Xacobea, a doazón de exvotos, etc.

Como sede da mostra escolleuse a igrexa de San Domingos de Bonaval, que xa servira, noutras ocasiones, como lugar de acollida de exposicións artísticas de certo nivel, entre as que destacan a de *Relicarios de Galicia* ou a de *Santiago dende a Memoria*, ambas as dúas celebradas co gallo do Ano Santo 2004. Trátase dun espazo nobre, ben situado no centro da cidade e preto do casco histórico e mais da Catedral, o que xera un auténtico *paseo da arte* desde a praza do Obradoiro, onde se atopan a Catedral e o seu Museo, ata a área de Bonaval, na que, ademais da igrexa sede da mostra, están tamén o Museo do Pobo Galego e o CGAC; durante o percorrido poden realizarse paradas intermedias –en San Paio de Antealtares, San Martiño Pinario ou a Obra Social de Novacaixagalicia– que lle permiten ó visitante coñecer en profundidade a historia e a arte da Catedral, a cidade e Galicia, desde a súas orixes ata hoxe.

A igrexa de Bonaval destaca pola amplitude interior do espazo, o que permitiu o seu acondicionamento como sede desta exposición. Ademais, a concepción espacial que presenta, por tratarse dun templo, encaixa co tema da exposición, que xira arredor da vida interior, neste caso, dunha Catedral.

## La exposición *Ceremonial, fiesta y liturgia* en la Catedral de Santiago

Concebida en relación de continuidad con la exposición *Domus Iacobi* y la remodelación de parte del Museo de la Catedral, la duración de la muestra abarca los meses de octubre de 2011 a febrero de 2012, y su clausura servirá para cerrar el programa cultural desarrollado, desde el Museo, a lo largo del año, con motivo del 800 aniversario de la consagración de la Catedral compostelana.

El excepcional carácter que ser meta de peregrinación y casa del Señor Santiago ha conferido a la Catedral compostelana tiene su reflejo en la vida cotidiana que ésta ha tenido a lo largo de su historia y sus mejores ejemplos en los diversos testimonios artísticos que, auténticos testigos de los acontecimientos, han llegado a nuestros días y son parte fundamental de la existencia del Tesoro, de la Capilla de las Reliquias, del Archivo-Biblioteca y, en general, de la propia Basílica Jacobea.

Asimismo, las particulares exigencias que la afluencia de peregrinos, las visitas de personajes ilustres o la importancia política y simbólica que la figura del Apóstol tiene a lo largo de la historia, significaron, entre otros factores, la aparición de un ceremonial propio que conllevó, en cada caso, la edición de textos y partituras, la realización de objetos y vestimentas, el encargo de obras de arte, las reformas de espacios catedralicios, etc.

Finalmente, la importancia que la sede episcopal, el Cabildo y la propia Catedral adquirieron en muchas fases de la historia tiene sus testimonios materiales en las obras, legados y ofrendas que han enriquecido el patrimonio cultural de la Catedral.

Todos estos elementos, muchos de ellos protagonistas de tradiciones arraigadas y recuerdos de muchos compostelanos, forman parte de esta exposición conmemorativa del VIII centenario de la consagración de la Catedral compostelana, con el objetivo de contextualizarlos en sus orígenes, explicar su sentido, recordar tradiciones y ceremonias, recuperando no solo las piezas sino también la propia historia de cada una de ellas.

## Contenidos y discurso expositivo

La exposición se estructura en ocho ámbitos temáticos que permiten ir recorriendo diversos aspectos relacionados con el título de la muestra, a través de una selección de piezas pertenecientes, sobre todo, al Museo y al Archivo de la Catedral, pero también a otras instituciones prestadoras y a algunos coleccionistas particulares que se han sumado al proyecto.

El diseño y dirección del montaje han corrido a cargo de *Insólito* (*Pinal + García–Alén proyectos museográficos*) que han hecho un gran esfuerzo por lograr la convivencia entre el recorrido de la exposición, delimitado por un suelo técnico, y la visita al interior de la iglesia de San Domingos, así como a los usos parciales de la misma, como son

## A exposición *Cerimonial, festa e liturxia* na Catedral de Santiago

Concibida en relación de continuidade coa exposición *Domus Iacobi* e a remodelación de parte do Museo da Catedral, a duración da mostra abrangue os meses de outubro de 2011 a febreiro de 2012, e a súa clausura servirá para pechar o programa cultural desenvolvido desde o Museo ó longo deste ano, co gallo do 800 aniversario da consagración da Catedral compostelá.

O excepcional carácter que ser meta de peregrinación e casa do Señor Santiago lle conferiu á Catedral compostelá ten o seu reflexo na vida cotiá que esta tivo ó longo da súa historia e os seus mellores exemplos nas diversas obras de arte que, auténticas testemuñas dos acontecementos, chegaron ós nosos días e son parte fundamental da existencia do Tesouro, da Capela das Reliquias, do Arquivo-Biblioteca e, en xeral, da propia Basílica Xacobea.

Así mesmo, as particulares esixencias que a afluencia de peregrinos, as visitas de personaxes ilustres ou a importancia política e simbólica que a figura do Apóstolo ten no devir da historia, significaron, entre outros factores, a aparición dun cerimonial propio que trouxo consigo, en cada caso, a edición de textos e partituras, a realización de obxectos e vestimentas, o encargo de obras de arte, as reformas de espazos catedralicios, etc.

Finalmente, a importancia que a sé episcopal, o Cabido e mais a propia Catedral adquiriron en moitas fases da historia ten os seus testemuños materiais nas obras, legados e ofrendas que enriqueceron o patrimonio cultural da Catedral.

Todos estes elementos, moitos deles protagonistas de tradicións arraigadas e lembranzas dunha chea de composteláns, forman parte desta exposición conmemorativa do VIII centenario da consagración da Catedral de Santiago, que ten como obxectivo contextualizalos nas súas orixes, explicar o seu sentido, recordar tradicións e cerimonias, recuperando non só as pezas senón a propia historia de cada unha delas.

## Contidos e discurso expositivo

A exposición estrutúrase en oito ámbitos temáticos que permiten ir percorrendo diversos aspectos relacionados co título da mostra, a través dunha selección de pezas pertencentes, sobre todo, ó Museo e ó Arquivo da Catedral, pero tamén a outras institucións prestadoras e a algúns coleccionistas particulares que se uniron ó proxecto.

O deseño e dirección da montaxe correspondéronlle a *Insólito* (*Pinal + García–Alén proxectos museográficos)* que fixo un grande esforzo por lograr a convivencia entre o percorrido da exposición, delimitado por un solo técnico, e a visita ó interior da igrexa de San Domingos, así como ós seus usos parciais, como son o acceso ó Panteón de Galegos Ilustres e á Capela da Confraría Numeraria do Rosario.

el acceso al Panteón de Gallegos Ilustres y a la Capilla de la Cofradía Numeraria del Rosario.



La visita a la exposición se inicia por los ámbitos dedicados a la *Música de la Catedral* y a la *Fiesta del Apóstol*. El apartado de la música, inicialmente concebido con un papel secundario, acabó por convertirse en protagonista de la muestra, al ocupar toda la exposición a través del audio que acompaña la visita con piezas musicales de la Catedral, desde la Edad Media hasta el Barroco, interpretadas por los grupos *Resonet*, dirigido por Fernando Reyes, e *In Itinere*, Grupo de Cámara de la Universidad de Santiago bajo la dirección del profesor Carlos Villanueva. En el capítulo de piezas, se aportan algunas de las más destacadas del Archivo musical, un departamento de gran importancia dentro del Archivo de la Catedral, como la *Visitatio Sepulchri*, fragmento de pergamino que data del siglo XII que contiene un drama litúrgico que se representaba en el Altar Mayor de la Catedral; o uno de los diversos cantorales, en este caso del siglo XVIII, que forman parte del citado Archivo musical; También se incluye el *Organistrum*, uno de los instrumentos que aparecen representados en la arquivolta del Pórtico de la Gloria. Por otro lado, se incorporan obras del patrimonio catedralicio en las que está presente la música, como tapices –del taller de Rubens, de José del Castillo y de Goya– o un fragmento de pintura mural con un Ángel músico que procede de la desaparecida Torre del Arzobispo Manrique. Finalmente, se da especial protagonismo, en un homenaje a su figura en el tercer cente-



A visita á exposición principia polos ámbitos dedicados á *Música da Catedral* e á *Festa do Apóstolo*. O apartado da música, inicialmente concibido cun papel secundario, acabou por se converter en protagonista da mostra, ó ocupar toda a exposición a través do audio que acompaña a visita con pezas musicais da Catedral, desde a Idade Media ata o Barroco, interpretadas polos grupos *Resonet*, dirixido por Fernando Reyes, e *In Itinere*, Grupo de Cámara da Universidade de Santiago baixo a dirección do profesor Carlos Villanueva. No capítulo de pezas, están presentes algunhas das máis destacadas do Arquivo musical, un departamento de grande importancia dentro do Arquivo da Catedral, como a *Visitatio Sepulchri*, fragmento de pergameo que data do século XII, que contén un drama litúrxico que se representaba no Altar Maior da Catedral; ou un dos diversos cantorais, neste caso do século XVIII, que forman parte do devandito Arquivo musical; tamén se inclúe o *Organistrum*, un dos instrumentos que aparecen representados na arquivolta do Pórtico da Gloria. Incorpóranse, por outra banda, obras do patrimonio catedralicio nas que está presente a música, como tapices –do obradoiro de Rubens, de José del Castillo e de Goya– ou un fragmento de pintura mural cun *Anxo* músico que procede da desaparecida Torre do Arcebispo Manrique. Finalmente, ten un especial protagonismo, como homenaxe á súa figura no terceiro centenario do seu pasamento, José de Vaquedano, un dos máis sobranceiros mestres de capela cos que contou a Catedral.

Para o apartado dedicado á *Festa*, fíxose un importante esforzo na selección de pezas, centrado na Festa do Apóstolo, a celebración

nario de su muerte, a José de Vaquedano, uno de los más destacados maestros de capilla con los que ha contado la Catedral.

Para el apartado dedicado a la *Fiesta*, se ha hecho un importante esfuerzo en la selección de piezas, centrado en la Fiesta del Apóstol, la celebración del Año Santo y otras festividades y conmemoraciones relacionadas con la Catedral, entre las que destacan el *Tumbo de Aniversarios*, donde se reglamenta el desarrollo de la festividad de Santiago, o el *Códice Calixtino*, en edición facsímil, en el que se detallan los aspectos litúrgicos y musicales de la festividad de Santiago. Se exponen, así mismo, diversos grabados en los que se representan celebraciones y fiestas en la Catedral y sus alrededores; carteles y programas de las fiestas realizados en los siglos XIX y XX por artistas como Castelao, Maside o Manuel L. Garabal y las figuras de los Gigantones de la Catedral. También se aportan, procedentes de varias instituciones compostelanas, los dibujos de todas y cada una de las fachadas que se han realizado para la noche del 24 de julio en el Obradoiro y el vídeo de los fuegos de este año, el primero que no ha contado con fachada. Por último, se recupera, a través de una maqueta hipotética, la figura de la Coca o Tarasca, realizada por el escultor César Lombera.

La nave mayor de la iglesia de San Domingos combina, en sus primeros tramos, dos ámbitos más, en la parte central, el dedicado al *Camino de Santiago como espacio ritual o simbólico*, integrado por piezas de arte contemporáneo entre las que sobresale *Standing Stone Line*, obra de Richard Long procedente del depósito de la Fundación Arco en el CGAC, además de *El peregrino*, de Acisclo Manzano o As agullas *da Catedral*, de Silverio Rivas, entre otras; y por piezas vinculadas a la figura de los peregrinos, el recorrido del Camino y, cómo no, su meta, la Catedral de Santiago, a través de obras como *Mujer con racimos de uvas en los pechos*, procedente de la desaparecida Puerta Francígena de la Catedral o *Peregrinos en el Monte del Gozo*, del antiguo retablo de Reliquias compostelano y documentos como el *Libramiento de Juro perpetuo* de Juan II o el *Salvoconducto para los peregrinos a Santiago* de los Reyes Católicos.

En los pasillos laterales se incorpora el ámbito dedicado a los *Prelados y Capitulares*, personajes vinculados a la intrahistoria de la Catedral y responsables de reformas, obras de arte, fundaciones, etc. Forman parte de este capítulo una galería de retratos de algunos Arzobispos y Capitulares procedentes de los fondos catedralicios –*La Inventio*, de Cordido y *Retrato de López Ferreiro*, de Tito Vázquez–, del Palacio Arzobispal –retratos de Gelmírez, Pedro Muñiz y Malvar y Pinto, de M. Fernández; *Bartolomé Esteban Rajoy en la Catedral*, del depósito municipal, o *Retrato del P. Zacarías Núñez*, de F. de Sotomayor– y de diversos prestadores externos –*Retrato de Juan de Sanclemente*, del Colegio de Nuestra Señora de los Remedios de Santiago; *Retrato del Arzobispo Alcolea*, de A. Mañanós, depósito municipal en el Museo do Pobo Galego; *Retrato del Arzobispo Girón*, del Convento de las MM Mercedarias de Santiago; *Retrato del Cardenal Payá y Rico*, obra de Fenollera, de la colección de la Xunta de Galicia o el *Retrato de Amor Ruibal*, de

do Ano Santo e outras festividades e conmemoracións relacionadas coa Catedral, entre as que destacan o *Tombo de Aniversarios*, onde se regulamenta o desenvolvemento da festividade de Santiago, ou o *Códice Calixtino*, en edición facsímile, no que se detallan os aspectos litúrxicos e musicais da devandita celebración. Expóñense, así mesmo, diversos gravados nos que se representan celebracións e festas na Catedral e nos seus arredores; carteis e programas das festas realizados nos séculos XIX e XX por artistas como Castelao, Maside ou Manuel L. Garabal; e as figuras dos Xigantóns da Catedral. Tamén se mostran, procedentes de varias institucións compostelás, os debuxos de todas e cada unha das fachadas que se realizaron para a noite do 24 de xullo no Obradoiro e o vídeo dos fogos deste ano, o primeiro que non contou con fachada. Por último, foi recuperada, a través dunha maqueta hipotética, a figura da Coca ou Tarasca, realizada polo escultor César Lombera.

A nave maior da igrexa de San Domingos combina, nos seus primeiros treitos, dous ámbitos máis; na parte central, o dedicado ó *Camiño de Santiago como espazo ritual ou simbólico*, integrado por pezas de arte contemporánea entre as que sobresae *Standing Stone Line*, obra de Richard Long procedente do depósito da Fundación Arco no CGAC, ademais do *Peregrino*, de Acisclo Manzano, ou *As agullas da Catedral*, de Silverio Rivas, entre outras; e por pezas vinculadas á figura dos peregrinos, o percorrido do Camiño e, como non, a súa meta, a Catedral de Santiago, a través de obras como *Muller con acio de uvas nos peitos*, procedente da desaparecida Porta Francíxena da Catedral ou *Peregrinos no Monte do Gozo*, do antigo retablo de Reliquias compostelán, e documentos como o *Libramento de xuro perpetuo de Xoán II* ou o *Salvoconduto para os peregrinos a Santiago dado polos Reis Católicos*.

Os corredores laterais incorporan o ámbito dedicado ós *Prelados e Capitulares*, personaxes vinculados á intrahistoria da Catedral e responsables de reformas, obras de arte, fundacións, etc. Forma parte deste capítulo unha galería de retratos de algúns arcebispos e capitulares procedentes dos fondos catedralicios –*A Inventio*, de Cordido, e *Retrato de López Ferreiro*, de Tito Vázquez–, do Pazo Arcebispal –retratos de Xelmírez, Pedro Muñiz e Malvar y Pinto, de M. Fernández; *Bartolomé Esteban Rajoy na Catedral*, do depósito municipal, ou o *Retrato do Padre Zacarías* Núñez, de F. de Sotomayor– e de diversos prestadores externos –*Retrato de Juan de Sanclemente*, do Colexio Nosa Señora dos Remedios de Santiago; *Retrato do Arcebispo Alcolea*, de A. Mañanós, do depósito municipal do Museo do Pobo Galego; *Retrato do Arcebispo Girón*, do Convento das Madres Mercedarias de Santiago; *Retrato do Cardeal Payá y Rico*, obra de Fenollera, da colección da Xunta de Galicia ou o *Retrato de Amor Ruibal*, de Correa Corredoyra, do Seminario Maior compostelán, entre outros–. Este ámbito complétase con pezas dos fondos catedralicios cuxa realización se vincula, de forma directa, con algúns destes personaxes: *Figura de Profeta*, proceden-






Correa Corredoyra, del Seminario Mayor compostelano, entre otros–. Este ámbito se completa con piezas de los fondos catedralicios cuya realización se vincula, de forma directa, con algunos de estos personajes: *Figura de Profeta*, procedente del Coro Pétreo del Maestro Mateo, *Sueño de San José*, óleo sobre tabla de Gregorio Ferro, o *La cólera de Aquiles*, tapiz realizado en el taller bruselense de Jan Räes, en los años centrales del siglo XVII, a partir del cartón de P. P. Rubens.

Llegados a la *Meta del Camino*, nos introducimos en la tercera parte de la exposición a través de la liturgia y el ceremonial propios de la Catedral representados en sus *Tiempos litúrgicos* y en las piezas que forman parte de ellos: la *Custodia Procesional*, obra de A. de Arfe; vestiduras históricas, entre las que destacan las *llamadas Capas de Santa Isabel*, y ornamentos, misales y libros litúrgicos, piezas del *Coro Manierista* y el lienzo de Correa Corredoyra *Las capas de Santa Isabel*, procedente del Museo de Belas Artes de A Coruña.

En la Capilla de San Jacinto, se encuentra el ámbito dedicado a los *Papas y la Monarquía*, dos instituciones que, con su decidido apoyo al culto a Santiago Apóstol, desde el descubrimiento de sus restos hasta nuestros días, han tenido una importancia fundamental en el desarrollo de la Catedral y de la ciudad de Compostela. El capítulo dedicado a la Monarquía incluye documentos de gran relevancia para la consolidación de la Basílica compostelana procedentes del Archivo catedralicio, como el *Tumbo A*, en edición facsímil, la *Real ejecutoria de Felipe II en defensa del Voto de Santiago*, el *Privilegio y confirmación de Felipe III para el nombramiento de jueces protectores del Voto*, el *Privilegio de Felipe IV estableciendo la Ofrenda Nacional* o la *Ejecutoria de Felipe V confirmando la Ofrenda Nacional*, entre otros. A ellas se suman piezas relacionadas con los reyes y Santiago, como el grabado de la *Visita de S. M. el Rey* (Alfonso XIII) *a Santiago de Galicia* o el *Olifante de Alfonso X el Batallador.*

El apartado sobre los papas se inicia con el impresionante *Retrato de León XIII*, obra de Fenollera, que se conserva en el Seminario Mayor compostelano; este pontífice con la *Bula Deus Omnipotens* permitió, tras la recuperación de los restos del Apóstol, a finales del siglo XIX, el resurgir del culto a Santiago y el auge de las peregrinaciones. También presenta importantes documentos del Archivo de la Catedral, como son la *Bula de Sixto IV*, la *Bula del Concilio de Basilea*, ambas sobre la *Fiesta y Octava del Apóstol*, la *Bula de Julio II* y la *Bula de Pío XI*. El capítulo se cierra con un recuerdo a Juan Pablo II, peregrino a Compostela en dos ocasiones, a través del báculo que utilizó en su visita de 1989 con motivo de la Jornada Mundial de la Juventud.

La proximidad de la cabecera de la iglesia de San Domingos cierra la exposición con dos ámbitos más, el primero, el dedicado a las *Ofrendas para la liturgia y el Ceremonial*, con una selección muy cuidada de obras de orfebrería que, procedentes de prelados, capitulares o importantes personajes de la realeza, se han incorporado al patrimonio catedralicio con la particularidad de tener un uso litúrgico o ceremonial. Entre las piezas se encuentran algunas de las obras maestras del Tesoro y Relicario catedralicios, entre las que cabe destacar el *Busto*



te do Coro Pétreo do Mestre Mateo, *Soño de San Xosé*, óleo sobre táboa de Gregorio Ferro, ou *A* cólera de *Aquiles*, tapiz realizado no obradoiro bruxelés de Jan Räes, nos anos centrais do século XVII, consonte o cartón de P. P. Rubens.

Chegados á *Meta do Camiño*, introducímonos na terceira parte da exposición a través da liturxia e o cerimonial propios da Catedral, representados nos seus *Tempos litúrxicos* e nas pezas que forman parte deles: a *Custodia Procesional*, obra de A. de Arfe; vestiduras históricas, entre as que destacan as chamadas *Capas de Santa Isabel*, e ornamentos, misais e libros litúrxicos, pezas do *Coro Manierista* e o lenzo de Correa Corredoyra *As capas de Santa Isabel*, procedente do Museo de Belas Artes da Coruña.

Na Capela de San Xacinto está o ámbito dedicado ós *Papas e a Monarquía*, dúas institucións que, co seu decidido apoio ó culto a Santiago Apóstolo, desde o descubrimento dos seus restos ata hoxe, tiveron unha importancia fundamental no desenvolvemento da Catedral e da cidade de Compostela. O capítulo dedicado á Monarquía inclúe documentos de gran relevancia para a consolidación da Basílica compostelá procedentes do Arquivo catedralicio, como o *Tombo A*, en edición facsímile, a *Real executoria de Filipe II en defensa do Voto de Santiago*, o *Privilexio e confirmación de Filipe III para o nomeamento de xuíces protectores do Voto*, o *Privilexio de Filipe IV polo que se establece a Festa Nacional* ou a *Executoria de Filipe V pola que se confirma a Ofrenda Nacional*, entre outros. A eles cómpre engadirlles pezas relacionadas cos reis e Santiago, como o gravado da *Visita da S. M. El Rei* (Afonso XIII) *a Santiago de Galicia* ou o *Olifante de Afonso X o Batallador.*

O apartado sobre os papas principia co impresionante *Retrato de León XIII*, obra de Fenollera, que se conserva no Seminario Maior compostelán; este pontífice, coa *Bula Deus Omnipotens*, permitiu, despois da recuperación dos restos do Apóstolo, que rexurdisen o culto a Santiago e o auxe das peregrinacións. Tamén presenta importantes documentos do Arquivo da Catedral, como son a *Bula de Sixto IV*, a *Bula do Concilio de Basilea*, ambas as dúas sobre a *Festa e Oitava do Apóstolo*, a *Bula de Xulio II* e a *Bula de Pío XI*. O capítulo pecha cunha lembranza a Xoán Paulo II, peregrino a Compostela en dúas ocasións, a través do báculo que utilizou na súa visita de 1989 co gallo da Xornada Mundial da Xuventude.

A proximidade da cabeceira da igrexa de San Domingos pecha a exposición con dous ámbitos máis, o primeiro dedicado ás *Ofrendas para a liturxia e o Cerimonial*, cunha selección moi coidada de obras de ourivaría que, procedentes de prelados, capitulares ou importantes personaxes da realeza, se incorporaron ó patrimonio catedralicio coa particularidade de que teñen un uso litúrxico ou cerimonial. Entre estas pezas están algunhas das obras mestras do Tesouro e o Relicario catedralicios, entre as que cabe destacar o *Busto relicario de Santiago Alfeo*, realizado no século XIV por iniciativa do Arcebispo don Berenguel de Landoira para albergar a reliquia que

*relicario de Santiago Alfeo*, pieza realizada en el siglo XIV por impulso del Arzobispo don Berenguel de Landoira para albergar la reliquia que había sido entregada por doña Urraca al Arzobispo Gelmírez; la imagen peregrina de *Santiago de Johannes de Roucel*, pieza parisina del primer cuarto del siglo XV de gran importancia para la definición de la iconografía de Santiago Peregrino; o las *Cornucopias de Mariana de Neoburgo*, entre otras.

Por último, el ábside gótico de San Domingos se transforma en un recuerdo del Altar Mayor catedralicio en diferentes momentos históricos para abordar el tema de los *Ritos de los peregrinos en la Catedral*: la Basílica de Alfonso III, representada por el grabado de la *Historia de Santiago* de Mauro Castellá Ferrer (1610); la catedral gelmiriana, a través de una de las cruces medievales del Tesoro, como es la llamada *Cruz de los Roleos*; la renovación barroca, con dos de las colgaduras bordadas que Felipe IV ofrendó al Apóstol y que tanta importancia tuvieron en la ornamentación de la Capilla Mayor; la imagen de *Santiago del Abrazo* que preside el Altar y que aparece representado por el cuadro realizado en 1748 por J. A. García de Bouzas y por la esclavina regalada por el Arzobispo Monroy y que, tras recibir el abrazo de millones de peregrinos a lo largo de tres siglos, fue sustituida por una réplica en el año 2004. Finalmente, se recupera el cierre de la girola previo a la obra barroca con una magnífica tabla ejecutada por Juan Baustista Celma, según algunos autores, para este espacio catedralicio.

Si *Domus Iacobi. La historia de la Catedral de Santiago* se centraba en la historia y el arte vinculados a la construcción de la Catedral y su evolución en la historia, *Ceremonial, fiesta y liturgia en la Catedral de Santiago* revisa la historia de la casa del Señor Santiago desde una nueva perspectiva, la de los usos de esa magna construcción, sus personajes y la interpretación de cómo todo ello ha contribuido a enriquecer el arte y la historia de la Catedral y de Compostela.

## La publicación

Por el carácter inédito de muchos de los temas que se abordan en la exposición, que permiten realizar, como se ha señalado, una historia de la Catedral compostelana bajo un nuevo prisma, desde un principio se planteó la importancia de contar con un catálogo en el que, más que ofrecer las habituales fichas catalográficas de las piezas en exposición, quedase claro el enfoque de la muestra y desarrollase, a través de textos de reconocidos expertos –a los que se ha dado libertad absoluta en el enfoque de sus trabajos–, el concepto de la misma, considerando la importancia del hecho de que, además de la memoria, lo que queda de una exposición de estas características una vez clausurada esta, es el catálogo. Precisamente por esta razón, se quiso que fuera, en todo caso, el Libro guía de *Ceremonial, fiesta y liturgia en la Catedral de Santiago* y, por ello, se incluyen fotografías de las obras en exposición y sus fichas técnicas respectivas, así como imágenes del montaje, los ámbitos, el interior de la iglesia de Bonaval, etc.

dona Urraca lle entregara ó Arcebispo Xelmírez; a imaxe peregrina de *Santiago de Johannes de Roucel*, peza parisiense do primeiro cuarto do século XV de moita importancia para a definición da iconografía de Santiago Peregrino; ou as *Cornucopias de Mariana de Neoburgo*, entre outras.

Por último, a ábsida gótica de San Domingos transfórmase nunha lembranza do Altar Maior catedralicio en diferentes momentos históricos para tratar o tema dos *Ritos dos peregrinos na Catedral*: a Basílica de Afonso III, representada polo gravado da *Historia de Santiago* de Mauro Castellá Ferrer (1610); a catedral xelmiriana, a través dunha das cruces medievais do Tesouro, como é a chamada *Cruz das Volutas*; a renovación barroca, con dúas das colgaduras bordadas que Filipe IV lle ofrendou ó Apóstolo e que tanta importancia tiveron na ornamentación da Capela Maior; a imaxe de *Santiago do Abrazo* que preside o Altar e que aparece representada no cadro realizado en 1748 por J. A. García de Bouzas e na esclavina regalada polo Arcebispo Monroy e que, despois de recibir o abrazo de millóns de peregrinos ó longo de tres séculos, foi substituída por unha réplica no ano 2004. Finalmente, foi recuperado o peche do deambulatorio previo á obra barroca cunha magnífica táboa executada por Juan Baustista Celma, segundo algúns autores, para este espazo catedralicio.

Se *Domus Iacobi. A historia da Catedral de Santiago* se centraba na historia e a arte vinculadas á construción da Catedral e a súa evolución na historia, *Cerimonial, festa e liturxia na Catedral de Santiago* revisa a historia da casa do Señor Santiago desde unha nova perspectiva, a dos usos desa magna construción, os seus personaxes e a interpretación de como todo iso contribuíu a enriquecer a arte e a historia da Catedral e mais de Compostela.

## A publicación

Polo carácter inédito de moitos dos temas que se tratan na exposición, que permiten realizar, como xa se dixo, unha historia da Catedral compostelá baixo un novo prisma, desde un principio se pensou na importancia de realizar un libro no que, máis que ofrecer as habituais fichas do catálogo das pezas en exposición, quedase claro o enfoque da mostra e desenvolvese, a través de textos de recoñecidos expertos –ós que se lles deu liberdade absoluta no enfoque dos seus traballos–, o seu concepto, considerando a importancia do feito de que, ademais da memoria, o que queda dunha exposición destas características, despois da súa clausura, é o catálogo. Precisamente por esta razón, se quixo que esta publicación fose, en todo caso, o Libro guía de *Cerimonial, festa e liturxia na Catedral de Santiago* e, por iso se inclúen fotografías das obras en exposición e as súas fichas técnicas respectivas, así como imaxes da montaxe, os ámbitos, o interior da igrexa de Bonaval, etc.

A estrutura da publicación correspóndese, na práctica, co discurso expositivo, malia que algúns ámbitos, para un mellor desenvolvemento dos textos, se dividiran en diferentes apartados. Non se

La estructura de la publicación se corresponde, en la práctica, con el discurso expositivo, aun cuando algunos ámbitos, para un mejor desarrollo de los textos, se han dividido en diferentes apartados. No se ha seguido, en la ordenación de los capítulos, el recorrido por los distintos ámbitos de la muestra, considerando que la estructura de aquellos permite una mayor claridad a la hora de plasmar los conceptos que han guiado la realización de la exposición.

De este modo, la publicación se inicia con el capítulo dedicado a las *Ofrendas para la liturgia y el ceremonial*, a cargo del Catedrático de Historia del Arte de la Universidad de A Coruña, Ramón Yzquierdo Perrín, que hace un completo recorrido por la historia de la Catedral compostelana a través de las Ofrendas al Apóstol, desde los reyes asturianos, que impulsaron con ellas el culto a Santiago, hasta nuestros días, deteniéndose en algunos personajes y piezas fundamentales para la Basílica jacobea y, de modo muy especial, para su Tesoro.

El Deán del Cabildo y co-comisario de la muestra, José María Díaz Fernández, se ocupa de abordar los *Tiempos litúrgicos en la Catedral* a través de las solemnidades, tiempos ordinarios, vida cotidiana y celebraciones excepcionales y el papel que todo ello ha jugado en la historia y el arte de la Catedral.

Complementariamente al capítulo anterior, por la gran importancia de los fondos artísticos catedralicios que se conservan y lo especializado del tema, el Profesor de Historia del Arte de la Universidad de Sevilla, Jesús Aguilar, trata sobre las *Vestiduras ricas de la colección catedralicia* y hace un recorrido que abarca los siglos XVI al XIX, y que se estructura en las piezas más destacadas, los materiales, los ornamentos y los artífices de los mismos.

Antón Pombo, periodista y escritor, al tiempo que gran experto en el Camino de Santiago y peregrino, él mismo, a Compostela en numerosas ocasiones, aborda el capítulo dedicado a los *Ritos de los peregrinos en la Catedral de Santiago a través de los tiempos: del contacto con lo sagrado a la atracción por lo curioso*. Rico en referencias bibliográficas y testimonios de peregrinos y viajeros a Santiago a lo largo de la historia, desde el siglo XXI hasta la Edad Media, es un viaje retrospectivo en el tiempo, en el que se detiene en los orígenes, tradiciones, objetos, etc. que han formado parte del ritual propio de la Catedral compostelana y que, por sí mismos, han generado un patrimonio, material e inmaterial, de gran magnitud.

De lo particular a lo general, allende las fronteras de la *Meta del Camino*, Francisco Singul, Director del Área de Exposiciones y Publicaciones de la S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, se ocupa, como gran especialista en el Camino y en el patrimonio cultural relacionado con éste –no en vano ha sido responsable de importantes exposiciones sobre el tema– de *El Camino de Santiago como espacio ritual y simbólico*. Con numerosas referencias documentales, va desglosando, a lo largo del Camino, aquellos elementos rituales y simbólicos, físicos o no, que el peregrino se va encontrando, en diferentes momentos históricos, en su Camino a Compostela.

seguiu, na orde dos capítulos, o percorrido polos distintos ámbitos da mostra, porque se considerou que a estrutura daqueles permite unha maior claridade á hora de plasmar os conceptos que guiaron a realización da exposición.

Deste xeito, a publicación principia co capítulo dedicado ás *Ofrendas para a liturxia e o cerimonial*, a cargo do Catedrático de Historia da Arte da Universidade da Coruña, Ramón Yzquierdo Perrín, que fai un completo percorrido pola historia da Catedral compostelá a través das Ofrendas ó Apóstolo, desde os reis ástures, que impulsaron con elas o culto a Santiago, ata os nosos días, deténdose nalgúns personaxes e pezas fundamentais para a Basílica Xacobea e, moi especialmente, para o seu Tesouro.

O Deán do Cabido e co-comisario da mostra, José María Díaz Fernández, ocúpase de estudar os *Tempos litúrxicos na Catedral* a través das solemnidades, tempos ordinarios, vida cotiá e celebracións excepcionais e o papel que todo iso xogou na historia e a arte da Catedral.

Complementariamente ó capítulo anterior, pola grande importancia dos fondos artísticos catedralicios que se conservan e o especializado do tema, o Profesor de Historia da Arte da Universidade de Sevilla, Jesús Aguilar, trata sobre as *Vestiduras ricas da colección catedralicia* e fai un percorrido que abrangue os séculos XVI ó XIX e que se estrutura nas pezas máis sobranceiras, os materiais, os ornamentos e os seus artífices.

Antón Pombo, periodista e escritor, e tamén grande experto no Camiño de Santiago e peregrino el mesmo a Compostela en numerosas ocasións, ocupouse do capítulo dedicado ós *Ritos dos peregrinos na Catedral de Santiago a través dos tempos: do contacto co sagrado* á *atracción polo curioso*. Rico en referencias bibliográficas e testemuños de peregrinos e viaxeiros a Santiago no devir da historia, desde o século XXI ata a Idade Media, é unha viaxe retrospectiva no tempo, na que se detén nas orixes, tradicións, obxectos, etc. que formaron parte do ritual propio da Catedral compostelá e que, por si mesmos, xeraron un patrimonio, material e inmaterial, de gran magnitude.

Do particular ó xeral, alén das fronteiras da *Meta do Camiño*, a Francisco Singul, Director da Área de Exposicións e Publicacións da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, asignóuselle, como grande especialista no Camiño e no patrimonio cultural relacionado con este –non en balde foi responsable de importantes exposicións sobre o tema– *O Camiño de Santiago como espazo ritual e simbólico*. Con numerosas referencias documentais, vai analizando, ó longo do Camiño, aqueles elementos rituais e simbólicos, físicos ou non, que o peregrino vai atopando en diferentes momentos históricos, na súa viaxe a Compostela.

O capítulos seguintes ocúpanse dos personaxes: prelados, capitulares, reis e pontífices; e do papel que estes desempeñaron para que, logo do descubrimento dos restos do Apóstolo, se producise o fenómeno das peregrinacións e a construción dunha gran Catedral ó abeiro da cal foi medrando unha cidade. David Chao, Profesor




Los capítulos siguientes se ocupan de los personajes: prelados, capitulares, reyes y pontífices; y del papel que éstos han desempeñado para, tras el descubrimiento de los restos del Apóstol, que se produjese el fenómeno de las peregrinaciones y la construcción de una gran Catedral entorno a la cual fue creciendo una ciudad. David Chao, Profesor de Historia del Arte de la Universidad de Santiago y Arturo Iglesias, Técnico responsable del Área de documentación moderna del Archivo de la Catedral, se ocupan, respectivamente, de los *Prelados y capitulares en la historia y el arte de la Catedral en la Edad Media* y en la *Edad Moderna y contemporánea*. Un merecido homenaje a aquellos responsables de la Catedral que, con su patrocinio, mecenazgo, fundación, etc. jugaron un importante papel en su evolución a lo largo de la historia y en el engrandecimiento de sus fondos artísticos.

Por su parte, Xosé Manuel Sánchez, Técnico responsable del Área de documentación medieval del Archivo de la Catedral, profundiza en *Santiago, los Papas y la Monarquía*, en el papel desempeñado por ambas instituciones en el desarrollo del culto a Santiago desde la *Inventio*, las relaciones entre ellas y explica cómo han ido cambiando a lo largo de la historia las diferentes vicisitudes políticas, la importancia del Voto de Santiago y la Ofrenda, etc., cuestiones, todas ellas, claves a la hora de acercarse a la intrahistoria de la Catedral de Santiago.

Con el título de *Las tres fiestas en honor a Santiago*, Miguel Taín, Profesor Titular de Historia del Arte de la Universidad de Santiago, desarrolla, con gran profusión documental, la celebración, a lo largo de los siglos, de la *Fiesta del Martirio de Santiago* (el 25 de julio), la *Traslación* (el 30 de diciembre) y la *Fiesta de la Aparición de Clavijo* (23 de mayo), las tres grandes fechas en honor a Santiago que se celebran en la Catedral y cuyo desarrollo, evolución, referencias, etc. son fundamentales en la realización de esta exposición.

En relación con el apartado anterior y dentro del mismo ámbito expositivo, César Lombera, artista e investigador, aborda el tema de *La Coca o Tarasca*, personaje profano que se incardina en la celebración del *Corpus* en numerosos lugares de la Península Ibérica y que, en Santiago, acaba por sumarse a las celebraciones de las fiestas del Apóstol hasta su desaparición. Con motivo de la exposición, Lombera ha realizado, basándose en referencias documentales y en Tarascas que todavía perviven en diferentes lugares, una maqueta hipotética de cómo pudo ser la Coca compostelana en su recorrido por las calles de la ciudad con motivo de las fiestas.

Finalmente, Carlos Villanueva, Catedrático de Historia de la Música de la Universidad de Santiago, se ocupa de uno de los aspectos objeto de sus investigaciones en relación con la música en la Catedral de Santiago, los villancicos, en el artículo titulado *"Contra los villancicos de Nochebuena", o la gran fiesta al Dios que se hace Hombre*. La primera parte del título, además, se refiere a una pieza de José de Vaquedano, maestro de capilla de la Catedral del que se cumple, el presente año, el tercer centenario de su muerte. Un bonito homenaje no solo a Vaquedano sino a la figura de los maestros de capilla catedralicios, un apartado fundamental dentro del ámbito dedicado a la Música en la Catedral que cierra la exposición y el catálogo *Ceremonial, fiesta y liturgia en la Catedral de Santiago*.



de Historia da Arte da Universidade de Santiago, e Arturo Iglesias, Técnico responsable da Área de Documentación Moderna do Arquivo da Catedral, analizan, respectivamente, o rol dos *Prelados e capitulares na historia e a arte da Catedral na Idade Media* e a *Idade Moderna e Contemporánea*; unha merecida homenaxe a aqueles responsables da Catedral que, co seu patrocinio, mecenado, fundación, etc. xogaron un importante papel na súa evolución no devir da historia e no engrandecemento dos seus fondos artísticos.

Pola súa parte, Xosé Manuel Sánchez, Técnico responsable da Área de Documentación Medieval do Arquivo da Catedral, reflexiona en *Santiago, os Papas e a Monarquía*, verbo do papel desempeñado por ambas as dúas institucións no desenvolvemento do culto a Santiago desde a *Inventio* e as relacións entre elas, e explica como foron cambiando ó longo da historia as diferentes vicisitudes políticas, a importancia do Voto de Santiago e a Ofrenda, etc., cuestións, todas elas, claves para comprender a intrahistoria da Catedral de Santiago.

Co título de *As tres festas na honra de Santiago*, Miguel Taín, Profesor Titular de Historia da Arte da Universidade de Santiago, explica, con gran profusión documental, a celebración, no devir dos séculos, da *Festa do Martirio de Santiago* (o 25 de xullo), a *Translación* (o 30 de decembro) e a *Festa da Aparición de Clavijo* (23 de maio), as tres grandes datas na honra de Santiago que se celebran na Catedral e cuxo desenvolvemento, evolución, referencias, etc. son fundamentais na realización desta exposición.

En relación co apartado anterior e dentro do mesmo ámbito expositivo, César Lombera, artista e investigador, analiza o tema da *Coca ou Tarasca*, personaxe profano que se incardina na celebración do *Corpus* en numerosos lugares da Península Ibérica e que, en Santiago, acaba por sumarse ás celebracións das festas do Apóstolo ata a súa desaparición. Co gallo da exposición, Lombera realizou, tomando como base as referencias documentais e as Tarascas que aínda sobreviven en diferentes lugares, unha maqueta hipotética de como puido ser a Coca compostelá no seu percorrido polas rúas da cidade durante as festas.

Finalmente, Carlos Villanueva, Catedrático de Historia da Música da Universidade de Santiago, ocúpase dun dos aspectos obxecto das súas investigacións en relación coa música na Catedral de Santiago, os vilancicos, no artigo titulado *"Contra los villancicos de Nochebuena" ou a gran festa ó Deus que se fai home*. A primeira parte do título refírese, ademais, a unha peza de José de Vaquedano, mestre de capela da Catedral, do que se cumpre, este ano, o terceiro centenario do seu pasamento. Unha fermosa homenaxe a Vaquedano, pero tamén á figura dos mestres de capela catedralicios, un apartado fundamental dentro do ámbito dedicado á Música na Catedral que pecha a exposición e mais o catálogo *Cerimonial, festa e liturxia na Catedral de Santiago*.